

A CORUÑA, A 12 DE XANEIRO DE 2026.

**RESOLUCIÓN RECURSO DE APELACIÓN 3/25 DO EN RELACIÓN Á ACTA 37/2025
DO XUÍZ ÚNICO DA FEGAN**

COMITÉ DE APELACIÓN DA FEGAN

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Con ocasión do encontro correspondente á LIGA GALEGA XUVENIL MASCULINA 25-26, disputado o 23/11/2025 ás 16:00 horas, entre os equipos C. ASOC. CORUÑESA DE W. (local) e C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS (visitante), na Piscina de San Diego (A Coruña), foi remitida ao órgano disciplinario a acta arbitral e o seu anexo.

No anexo de acta, o colexio arbitral consignou literalmente, entre outros extremos, o seguinte:

"O ordenador facilitado polo equipo local non tivo conexión a internet ata as 15:57 (3 minutos antes do partido). Esta conexión realízase tras reclamárselle en varias ocasións á mesa.

O partido atrasouse ata as 16:17 xa que o equipo local non tiña cronómetros manuais para poder levar as posesións e o tempo total do partido. Os cronómetros chegaron ás 16:16 e, tras seren revisados polos árbitros, ás 16:17 puido darse comezo ao partido."

SEGUNDO. En data 24/11/2025 ditouse o correspondente trámite de audiencia (apertura de expediente), concedéndose ao club interesado prazo de dous días hábiles, ao abeiro do art. 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN.

TERCEIRO. Dentro do prazo conferido, o club C. ASOC. CORUÑESA DE WATERPOLO presentou escrito de alegacións.

CUARTO. Por dilixencia de 28/11/2025, acordouse dar traslado das alegacións ao colexio arbitral asinante e requiriuse ratificación/complemento/ampliación/rectificación voluntaria do contido da acta, coa advertencia de ratificación tácita en caso de silencio.

QUINTO. O Xuíz Único ditou Resolución de 09/12/2025, impondo ao club multa de 150 € como responsable dunha infracción leve por incumprimento das obrigas de preparación e dispoñibilidade das instalacións e medios necesarios para o desenvolvemento do encontro, con base no art. 7.II.a) do Libro III e na Normativa Xeral de Waterpolo vixente.

SEXTO. Contra a devandita resolución, o club sancionado interpón recurso de apelación ante este Comité, solicitando a revogación/modificación da sanción e reiterando, en síntese: (i) indefensión por remisión incompleta inicial; (ii) vulneración do dereito á proba pola denegación de testifical; (iii) incorrecta redacción do anexo en materia de cronómetros e atribución do atraso ao árbitro; (iv) irrelevancia disciplinaria da referencia á conexión a internet; (v) trato desigual respecto doutros clubs e horarios admitidos; e (vi) desproporción na contía da multa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO. Competencia, procedemento e presunción de veracidade da acta

Este Comité é competente para coñecer do recurso de apelación contra resolución do Comité de Competición/Xuíz Único, conforme ao Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN.

A acta arbitral e o seu anexo gozan de presunción de veracidade "iuris tantum", de modo que os feitos nela consignados se presumen certos salvo acreditación de erro material manifesto ou proba sólida en contrario.

No presente caso, o recurso non achega proba obxectiva bastante para destruír esa presunción; máis aínda, parte das alegacións do propio club corrobora o núcleo fáctico: inexistencia de cronómetros operativos e xestión "de urxencia" con alternativas; e obtención tardía de conexión para a acta.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO. Sobre a alegada "indefensión" por non recibir inicialmente acta/anexo.

O recorrente sostén indefensión porque o correo inicial do 24/11/2025 non lle achegaba acta/anexo e tivo que solicitálos. A alegación non pode prosperar polos seguintes motivos:

O art. 22.2 do Libro III garante o trámite de audiencia e a posibilidade de formular alegacións no prazo conferido, pero non

establece, como requisito de validez, que a primeira comunicación de audiencia deba acompañarse inescusabelmente de copia documental, sen prexuízo de que sexa recomendable por economía procedemental.

O propio recorrente recoñece que o mesmo día 24/11/2025 recibiu “toda la documentación completa” e, con ela, formulou alegacións dentro de prazo e con amplitude argumental.

En consecuencia, non se aprecia indefensión material (real e efectiva). A eventual irregularidade formal quedaría, en todo caso, subsanada pola recepción posterior inmediata e polo exercicio pleno do dereito de alegación.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO. Dereito á proba e corrección da súa denegación.

O club reprocha a denegación de testifical (auxiliares de mesa e xogadores) como vulneración do dereito á proba. Conforme ao Libro III, a proba é un dereito do interesado, mais o órgano disciplinario pode inadmitir/denegar a práctica de proba cando resulte impertinente, innecesaria ou non decisiva para a resolución.

No caso, mesmo aceptando que os testemuños acreditasen exactamente o defendido polo club (uso de teléfonos móbiles e dificultades co material), iso non eliminaría o feito relevante: **o club organizador non dispoñía de tres cronómetros operativos nin garantíu a preparación material nos termos e tempo regulamentarios, e o encontro sufriu atraso.** Polo tanto, a proba proposta non era idónea para alterar a cualificación nin o xuízo de responsabilidade.

En consecuencia, a denegación motivada da proba resulta axustada a Dereito e non xera indefensión.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO. Obrigas do club organizador: cronómetros e preparación da instalación.

A Normativa Xeral de Waterpolo 2025/26 establece como obrigas do club organizador: ter preparado o campo, polo menos, 30 minutos antes; dispoñer de "todo o material necesario" e, en particular, tres cronómetros para control do tempo; e dispoñer de medios para a acta dixital.

O propio anexo de acta consigna que o encontro se atrasou ata as 16:17 pola inexistencia de cronómetros manuais para levar posesións e tempo total, chegando os cronómetros ás 16:16.

A tese do club ("tiñamos cronómetros, pero fallaban/pilas esgotadas") non é eximente, porque "dispor" de material en termos regulamentarios significa contar con medios operativos e aptos para o uso no momento debido. A falta de comprobación previa, mantemento, pilas de reposto ou solución técnica garantida constitúe precisamente o incumprimento que a normativa pretende evitar.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO. Uso de teléfonos móbiles e imputación do atraso á decisión arbitral.

O recorrente sostén que a mesa aceptou teléfonos móbiles como cronometraxe e que o árbitro rexeitou esa solución, sendo así o atraso imputable ao colexiado. A alegación tampouco prospera:

A normativa impón ao club organizador a obriga de facilitar cronómetros (non "calquera dispositivo"), e non contempla o teléfono móbil como equipamento regulamentario de cronometraxe.

En todo caso, a determinación de se un medio alternativo ofrece garantías suficientes corresponde ao criterio técnico arbitral. Se o club entende que houbo erro técnico arbitral, a canle específica é a prevista na normativa (órganos arbitrais competentes), pero esa discrepancia non borra o incumprimento material previo do club: **non ter preparados medios de cronometraxe operativos.**

FUNDAMENTO DE DEREITO SEXTO. Conexión a internet e acta dixital.

Consta no anexo que a conexión do ordenador facilitado polo equipo local non se obtivo ata as 15:57, tras reiteradas reclamacións. A Normativa Xeral impón a obriga de dispoñer de ordenador portátil e conexión wifi para confeccionar acta dixital.

O argumento do club ("achegamos portátil e un móbil como punto de acceso; os fallos de conexión dependen de terceiros") non neutraliza a infracción: a obriga do organizador é de resultado mínimo organizativo (dispoñibilidade real e funcional no momento preciso). Se a solución de conexión proposta non é estable nin operativa ata tres minutos antes do encontro, iso evidencia falta de preparación e control dos medios. Ademais, o anexo non introduce este feito como causa do atraso, senón como incidencia organizativa relevante e constatable.

FUNDAMENTO DE DEREITO SÉTIMO. Alegacións sobre horarios doutros encontros e "trato desigual"

O recorrente invoca supostas situacións similares noutros encontros (horarios que impedirían cumprir 30 minutos de antelación) e pretende derivar diso un trato desigual. Este argumento non pode prosperar por razóns estritamente xurídicas:

O recurso de apelación debe contraerse ao axuizamento da resolución impugnada e dos feitos do expediente. Alegacións xenéricas sobre a práctica noutros encontros, sen identificación completa, sen actas e sen acreditación documental no expediente, son alleas ao obxecto e carecen de eficacia revisora.

A igualdade na aplicación do dereito non opera como "dereito á igualdade na ilegalidade". A eventual tolerancia noutros casos (non acreditada aquí) non lexitima o incumprimento no caso concreto.

En suma, non se acredita trato discriminatorio nin consta base probatoria que obrigue a este Comité a alterar a resolución recorrida.

FUNDAMENTO DE DEREITO OITAVO. Proporcionalidade e contía da sanción (150 €)

A infracción foi cualificada como leve (art. 7.II.a do Libro III) e sancionada con multa, dentro do arco posible para faltas leves. A contía de 150 € é unha contía intermedia, proporcionada á entidade dos feitos: atraso efectivo do inicio e incumprimento constatado de medios materiais, con afectación directa ao normal desenvolvemento organizativo do encontro.

Non se aprecia arbitrariedade nin falta de motivación bastante que xustifique minoración, e menos aínda a revogación íntegra que pretende o recorrente.

RESOLUCIÓN

Por todo o exposto, o **COMITÉ DE APELACIÓN DA FEGAN RESOLVE:**

DESESTIMAR ÍNTEGRAMENTE o recurso de apelación presentado polo club C. ASOC. CORUÑESA DE WATERPOLO contra a Resolución do Xuíz Único de 09/12/2025 (Acta 37/2025), e en consecuencia,

CONFIRMAR a resolución recorrida e MANTER a sanción imposta consistente en MULTA DE 150 €, por infracción leve do art. 7.II.a do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN, en relación coa Normativa Xeral de Waterpolo 2025/26.

Notifíquese aos interesados. Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva, no prazo e termos establecidos no Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN.

En A Coruña, a 12 de xaneiro de 2026

Comité de Apelación da FEGAN